

Guía didáctica

LETRAS GALEGAS 2020

Ricardo Carvalho Calero



IES FERROL VELLO

XUNTA DE GALICIA



**Ricardo Carvalho Calero,
unha vida polo galego**

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura e Turismo

Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional

Secretaría Xeral de Política Lingüística

IES Ferrol Vello, Ferrol (A Coruña)

Depósito legal: C 510-2020

Coordinadora

Amelia Sánchez Pérez

Autoría

Carolina Casal Funcasta

Iago Xosé Doce Freire

Andrés Fernández Iglesias

Amelia Sánchez Pérez

Xosé Sóñora Castro

Realizouse coa colaboración do alumnado do IES Ferrol Vello de Ferrol.

ÍNDICE

Introdución	páx. 4
Biografía	páx. 5
Cartel 1 : Os primeiros anos: Ferrol - Compostela	páx. 8
Cartel 2: A guerra e a posguerra	páx. 12
Cartel 3: Fingoi e a Universidade	páx. 14
Cartel 4: Autor total	páx. 16
Cartel 5: De <i>Vieiros a Reticências</i> , poesía completa	páx. 17
Cartel 6: <i>A xente da Barreira</i>	páx. 21
Cartel 7: <i>Scórpio</i>	páx. 23
Cartel 8: Autor e director teatral co seu alumnado	páx. 25
Cartel 9: Historia da literatura galega	páx. 26
Cartel 10: Posición lingüística reintegracionista	páx. 27
Bibliografía	páx. 30

INTRODUCCIÓN

A finalidade desta guía didáctica é darmos a coñecer a Ricardo Carvalho Calero entre o alumnado dos centros de ensino e achegarmos os rapaces e as rapazas ao contexto histórico, cultural, literario e lingüístico en que escribiu e publicou a súa obra.

O polígrafo ferrolán é, sen dúbida, unha das persoas máis sobranceiras do século XX galego, como demostran as súas numerosísimas publicacións literarias (que abranguen todos os xéneros), os seus estudos sobre a lingua e a literatura e a súa implicación nas principais iniciativas culturais do galeguismo no século XX.

Ao longo de toda a súa vida, alí onde se desenvolveu unha acción que tiña que ver coa nosa cultura, alí o atopamos, contribuíndo co seu labor a que esta saíse adiante.

En palabras do profesor José Luís Rodríguez, “Carvalho Calero é unha figura fundamental do século XX galego pola intensidade e a abrangência da sua obra, uma obra de escritor multifacetado, de historiador e crítico literário, de lingüista em sentido amplo e ainda pensador sobre a nosa identidade colectiva”.

Resulta imposible comprender este período da historia de Galicia sen o termos presente e por este motivo consideramos imprescindible divulgar a súa obra.

Para iso, deseñamos unha serie de actividades complementarias da exposición que acompaña esta guía. O noso desexo non é outro que amosarmos co noso traballo a enorme relevancia de Carvalho Calero. Porque, en palabras da súa filla María Victoria Carballo-Calero Ramos, “amais da súa obra, que está aí, a súa vida, chea de dificultades, constitúe hoxe un exemplo inesquecible para min e para moitos máis”.



BIOGRAFÍA

Ricardo Leopoldo Ángel José Gerardo Carvalho Calero naceu na cidade de Ferrol o 30 de outubro de 1910. Pertencía a unha familia acomodada que residía na rúa San Francisco do barrio ferrolán do Ferrol Vello e a súa infancia quedaría marcada polo falecemento da súa nai (en 1919) e de dous irmáns.

Nesta cidade recibiu a primeira formación na escola de dona Marina e máis tarde na de Manuel Comellas Coímbra (coñecido dramaturgo da época), onde se preparou para os exames de bacharelato.

Neste tempo converteuse en asiduo das representacións teatrais no Teatro Jofre e creou as súas primeiras obras literarias e xornalísticas.



Aos 16 anos trasladouse a Santiago de Compostela para comezar os estudos universitarios. Tras realizar o curso preparatorio, común ás carreiras de Filosofía e Letras e Dereito, decantouse pola segunda, que remataría en 1931.

Na súa estadía en Compostela iniciou a súa militancia intelectual e política, nos movementos sindicais estudantís (será presidente da Federación Universitaria Escolar) e nas grandes iniciativas do galeguismo de preguerra: o Seminario de Estudos Galegos (onde se relacionou con Otero Pedrayo e os demais mestres da Xeración Nós) e o Partido Galeguista. Colaborou activamente nestas causas e mesmo foi o redactor do *Anteproyeito de Estatuto da Galiza*, xunto con Lois Tobío.

Nesta época comezou o seu prolífico labor como literato, co poemario *Trinitarias* (1928), en castelán, seguido de *Vieiros* (1931) e *O silencio axionllado* (1934), xa en galego.

O ano 1933 supuxo un gran cambio vital e profesional para Carvalho Calero. Casou con María Ignacia Ramos (con quen tería dúas fillas) e gañou unha praza como funcionario no Concello de Ferrol. Desde esta cidade continuou por libre os estudos de Filosofía e Letras, que rematou en 1935.

O golpe de Estado de 1936 sorprendeuno en Madrid, onde estaba opositando para profesor de ensino secundario. Carvalho decidiu unirse ás forzas republicanas e participar na contenda bélica en diferentes lugares (formando parte do batallón Félix), o que o levou a ser detido en Xaén, xulgado e condenado a doce anos e un día no cárcere,

aínda que en 1941 puido volver a Ferrol en réxime de liberdade condicional. Ademais da estadía na cadea, Carvalho viuse privado da súa praza de funcionario e foi inhabilitado para exercer cargos públicos. As súas posibilidades laborais ficaron moi reducidas e sobreviviu dando clase no ensino privado.

En 1950 incorporouse como profesor e conselleiro delegado ao Colexio Fingoi de Lugo, un centro cunha metodoloxía moi innovadora, na liña da Institución Libre de Ensinanza. Nas súas veladas representáronse varias pezas teatrais da súa autoría.

Tras o silencio dos primeiros anos da posguerra, a década dos 50 supuxo un grande avance para a cultura galega; nesta recuperación desempeñou un papel fundamental a Editorial Galaxia. Carvalho Calero participou na súa fundación, en 1950, e foi un dos seus principais colaboradores.

Son para o autor anos de enorme actividade. O gran fito literario desta época foi a súa obra *A xente da Barreira* (1951), a primeira novela en galego da posguerra, gañadora do concurso da editorial Bibliófilos Gallegos o ano anterior; así mesmo, publicou os poemarios *Anxo de terra* (1950), *Poemas pendurados de un cabelo* (1952) e *Salterio de Fingoy* (1961); e, entre a súa ampla obra de investigación, cómpre salientar en especial a magna *Historia da literatura galega contemporánea* (1963).

En 1958, incorporouse á Real Academia Galega co discurso *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*.



No ano 1965, tras retomar as oposicións que foran interrompidas pola guerra, aprobou coa máxima nota. Comezou a dar clases no Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e trasladouse a esta cidade. Simultaneaba este

labor coa docencia de Lingua e Literatura Galega na Universidade, onde conseguiu a primeira cátedra de Lingüística e Literatura Galega desta institución no ano 1972.

Froito da necesidade de manuais para o estudo destas materias é a súa *Gramática elemental del gallego común* (1966), que chegou a acadar sete edicións.

En 1970 e 1971, participou na redacción das primeiras normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego da Real Academia Galega e en 1979 presidiu a Comisión de Lingüística que elaborou as *Normas ortográficas do idioma galego* publicadas pola Xunta de Galicia en 1980.

Logo de se xubilar, ese mesmo ano, incrementou aínda máis o ritmo das súas publicacións: entre elas, é de salientar a novela *Scórpido* (1987), Premio da Crítica de narrativa galega.

A última etapa da súa vida foi complicada cultural e institucionalmente, a causa da marxinação a que se viu sometido pola súa defensa das teses reintegracionistas. No

entanto, recibiu tamén numerosas homenaxes e recoñecementos, entre eles a Medalla Castelao ou o nomeamento como fillo predilecto de Ferrol.


Ricardo Carvalho Calero faleceu o 25 de marzo de 1990 en Santiago de Compostela.

En 1996, o Parlamento de Galicia nomeouno fillo ilustre de Galicia. En 2020, será homenaxeado no Día das Letras Galegas polo seu inmenso e incansábel traballo a prol da lingua, da literatura e da cultura galegas.

Cartel 1: Os primeiros anos: Ferrol - Compostela

- 1 Para coñecerdes o contexto histórico en que viviu e produciu a súa obra Carvalho Calero, propoñémosvos as seguintes liñas do tempo.

Colocade onda cada acontecemento o ano correspondente. Logo situádeos na liña do tempo a carón da data que lle corresponder.



____: Ditadura de Primo de Rivera

____: II República

____: Constitución española


____: Plebiscito do Estatuto de Galicia e sublevación franquista

____: Fin da Guerra Civil

____: Estatuto de Autonomía de Galicia

____: Primeira votación das mulleres en España

A continuación, realízade a mesma tarefa con estoutra liña do tempo sobre a vida de Ricardo Carvalho Calero.



____: Participa na creación do Partido Galeguista e na redacción do *Anteproyeito de Estatuto de Galiza*.

____: Nace en Ferrol.

____: Morre en Santiago de Compostela.


____: Accede á cátedra de Lingüística e Literatura galega da Universidade de Santiago de Compostela.

____: É nomeado membro da Real Academia Galega.

____: Participa na campaña a prol do Estatuto de Autonomía e alístase no batallón Félix na defensa da II República.

Ricardo Carvalho Calero participou activamente na vida política e cultural de preguerra, así como na defensa da II República. Foi cofundador do Partido Galeguista e tivo un papel destacado na campaña a prol do Estatuto de Autonomía.


2 Complete o encrucillado coa información que atoparedes nos carteis da biografía de Carvalho Calero.



HORIZONTAIS	VERTICAIS
4 Instituto en que traballa en Compostela.	1 Nome da súa dona.
7 Cidade en que falece.	2 Editorial que contribúe a crear.
9 Partido político en que milita.	3 Unha das súas licenciaturas.
10 Réxime político que defende na guerra.	5 Zona en que é detido durante a guerra.
13 Apelido do seu primeiro mestre.	6 Nome da escola de que foi director.
14 Cidade natal de Carvalho.	8 Novela que publica nos oitenta.
15 Fillo _____ de Ferrol.	11 Institución cultural creada en 1923.
	12 Signo zodiacal do autor.

Ricardo Carvalho Calero residiu en diferentes cidades galegas e en todas deixou a súa pegada. Ademais, durante a súa época de soldado viviu noutras zonas da Península como Madrid, Valencia ou Andalucía.

- 3 Marcade neste mapa as cidades en que viviu Carvalho e explicade as actividades que desenvolveu en cada unha delas. A continuación, realizade unha presentación sobre o autor para o resto da clase.



- 4 Realizade un traballo de investigación (individual ou en grupo) sobre o contexto sociopolítico de España e de Galicia durante a Guerra Civil e o Réxime de Franco.

- Organizade unha saída á cidade de Ferrol para visitades os lugares máis emblemáticos da cidade; deste xeito, poderedes coñecer a historia do século XX e entender o contexto sociopolítico en que se move o autor. Se non podedes, realizade unha visita virtual mediante as aplicacións Google Maps ou Google Earth.
- Localizade as seguintes rúas e zonas: rúa San Francisco, castelo de San Filipe, avenida do Rei, Arquivo Intermedio Militar Noroeste, antigo cemiterio de Canido, rúa María, Teatro Jofre e Concello de Ferrol. Todas teñen relación con Carvalho ou co contexto histórico da Guerra Civil e da represión. Descubride en que consiste esa relación.



- Se tedes posibilidade, visitade o Arquivo Intermedio Militar Noroeste e pedide información sobre a represión na contorna de Ferrol (causas abertas, número de vítimas, cárceres, sacas ou paseos, fusilamentos etc.).
- Buscade na Galipedia o castelo de San Filipe e descubride para que foi empregado durante a Guerra Civil e a posguerra.
- A continuación, ollade o documental *Unha historia galega. Retratos da represión na Galicia de 1936* (<https://www.youtube.com/watch?v=T3-9dTjFmDo>, min 10 - 20). Nel, homes e mulleres que sufriron a represión contan as súas historias. Investigade para coñecerdes as semellanzas coa vida de Carvalho Calero.




- Finalmente, procurade información en *Nomes e voces* (<http://www.nomesevoces.net/>). Este *web* do grupo Histagra da Universidade de Santiago de Compostela permite poñerlles cara, nome e apelidos a moitas persoas represaliadas polo franquismo en Galicia. Pescudade sobre casos de fusilamentos ou paseos na contorna de Ferrol para rematardes este traballo de investigación sobre a guerra e a represión nesta zona.
- Realizade un diario cos pasos que fostes dando ao longo da vosa investigación e amosádellelo aos vosos compañeiros e compañeiras a través dunha presentación de diapositivas ou a través dun documental.

Cartel 2: A guerra e a posguerra

- 1 A Guerra Civil supuxo un importante cambio vital e laboral para Carvalho, como podedes comprobar na información que aparece no cartel número 2.

Logo de ollardes este cartel, xogade unha partida virtual aos dardos de Carvalho Calero.

Podedes comezar o xogo na ligazón que incluimos a seguir:



<https://view.genial.ly/5e788fb00fcfb90d9fa15618/game-dardos-carvalho-calero>

- 2 **Complete o encrucillado en liña sobre Carvalho Calero (con tempo limitado e puntuación) que atoparedes na seguinte ligazón:**



https://es.educaplay.com/recursos-educativos/5231014-carvalho_calero.html

- 3 **A obra literaria de Carvalho tamén reflectirá as consecuencias vitais e profesionais que tivo a guerra para o autor e para os seus compañeiros e compañeiras de xeración.**

Lede este fragmento de *Scórpio* e procurade as semellanzas e as diferenzas coa biografía de Carvalho despois da Guerra Civil:

“Que longe está a minha realidade de hoje dos planos que forjara en Santiago, cando terminei a carreira!

De acordo com eles, a estas alturas eu devía ser registrador da propiedade, estar casado e ter escrito e publicado um romance. Mas nada ocorreu de acordo co previsto.

Perdim tempo davondo preparando as oposicións. Nom pudem subtrair-me às solicitações da política, e convertim-me em dirigente do galeguismo local. Isto pujo-me em contacto com dom Gerardo, e este convenceu-me de que me associasse a el no seu escritório. Foi decisivo o conselho de minha nai.”

Ricardo Carvalho Calero, como outros integrantes do movemento galeguista de preguerra, sufriu a represión do franquismo. Estivo dous anos na cadea (mais nun principio condenáranos a doce anos e un día), en Xaén, por defender o sistema republicano e pertencer ao movemento galeguista.

- 4 **Unide cada un destes persoeiros do galeguismo coa represalia que sufriu pola defensa das súas ideas políticas.**

Afonso Daniel Rodríguez Castelao	Levado á fronte para loitar contra os seus
Alexandre Bóveda	Exiliado en América
Antón Alonso Ríos	Paseado e asasinado nunha cuneta
Celso Emilio Ferreiro	Fusilado
Roberto Blanco Torres	Expedientado
Ramón Otero Pedrayo	Fuxido

Cartel 3: Fingoi e a Universidade

De 1950 a 1965, Carvalho é conselleiro delegado do Colexio Fingoi, un centro privado cunha metodoloxía innovadora, na liña da Escola Nova e da Institución Libre de Ensinanza, mixto, sen libros de texto, situado nunha contorna rural onde os alumnos e as alumnas tiñan cadansúa horta e con talleres para promover a aplicación práctica dos coñecementos na vida cotiá.


- 1 **Realizade un cuestionario en liña sobre esta época. Podedes atopalo na seguinte ligazón:** <https://view.genial.ly/5e764a10a330b30dbe56fcbd/learning-experience-challenges-cuestionario-carvalho-calero>



En 1965, Carvalho Calero, tras retomar as oposicións interrompidas pola guerra, empeza a dar clase no instituto Rosalía de Castro. Paralelamente exerce a docencia na Universidade de Santiago de Compostela, onde será o primeiro profesor de Lingua e Literatura Galega e, desde 1972, é tamén o primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega. Nesta época, consciente da necesidade de dotar o alumnado de manuais para a aprendizaxe, acentúase o seu labor investigador.


- 2 No documental *Vieiros de esperanza*, un grupo de antigos alumnos e alumnas lembra a figura de Carvalho Calero.

Visionade o tráiler do filme (<https://www.youtube.com/watch?v=JZZ-xjPoHA>). Que conclusións sacades a respecto de Carvalho como persoa, docente e escritor?



- 3 Como seguramente puidestes observar, o primeiro apelido do noso autor aparece escrito de dúas maneiras diferentes. Este feito obedece a unha decisión vital, que fixo que don Ricardo pasase de Carballo Calero a Carvalho Calero por razóns lingüísticas.

No cartel 3 atoparedes os motivos desta mudanza. Explicádelle ao resto da clase as causas desta decisión.



Cartel 4: Autor total

- 1 Localizade na seguinte sopa de letras 14 palabras que teñan que ver coas obras poéticas de Carvalho Calero.

Poemarios de Carvalho Calero




A obra poética de Carvalho Calero recóllese en catro poemarios: *Pretérito imperfecto (1927-1961)*, *Futuro condicional (1961-1980)*, *Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985)* e *Reticências... (1986-1989)*.

As dúas primeiras inclúen os volumes que Carvalho publicara nos anos anteriores pois, na última década da súa vida, o autor revisou e reeditou gran parte da súa obra anterior, adaptándoa á norma reintegracionista.

- 2 No cartel número 4 aparece un fragmento do poema “Ferrol 1916”. Velaquí tedes o texto completo. Despois de o lerdes, responde de as seguintes cuestións:
 - Subliñade os elementos que consideredes biográficos no poema e contrastade se se corresponden coa realidade.

- Indicade que fragmentos nos axudan a facer unha descrición do Ferrol de comezos de século XX (vestimenta, ambiente...).
- Como cualificariades o ton do poema: optimista, nostálxico, saudoso etc.?

<p>FERROL 1916</p> <p>Cinco duros pagábamnos de aluguer. Era un terceiro andar, ben folgado. Pola parte de atrás daba ao Campiño, e por diante à rua de San Francisco.</p> <p>No segundo vivia a miña tia aboa: tiña unha peza cheia de paxaros disecados que só abría os días de festa para que os nenos disfrutásenos nela.</p> <p>Ainda vivia a miña nai e todos os meus irmáns vivían, e enfrente traballaba o señor Pedro o toneleiro, e a grande tenda de efectos navais mantiña o seu trafego.</p> 	<p>Na casa tiñamos pombas e, por suposto, un grande gato mouro; e o meu pai era novo aínda e no mar do mundo cada día descubría eu unha illa.</p> <p>Via o mar desde a miña fiestra, e chegaban cornetas da mariña. E baixava os degraus dúas veces ao día para ir à escola, e dúas veces rubia-os de volta.</p> <p>As mulleres entón usaban capa e corsé, e íamos à aldeia en coche de cabalos, e a rua estaba ateigada de pregons de sardiñas e de ingleses que vendían Bíblias.</p> <p>Eu tiña un pacto con Deus: que ninguén dos meus morrería. E o pacto era observado, e eu confiaba na perenidade do pacto.</p> <p>Todo isto fica tan longe que aduro podó aínda lembrá-lo. Esquecería-o dentro de pouco tempo se non escribese estes versos.</p>
---	--

3 Realizade un *podcast* dun poema ou dun fragmento doutra das obras de Carvalho Calero. Despois, create un audiolibro con todos eles e publicádeo en Internet.

4 Create un poema colaborativo. Escollede un dos seguintes versos de Carvalho, escribídeo nunha cartolina grande ou nun panel e colocádeo nun lugar visíbel do voso centro escolar. Cada alumno ou cada alumna poderá engadir un verso novo para creades, de xeito colectivo, un novo poema de inspiración carvalhiana.

- Hei de entrar no meu povo,
- E vas morrer a tua vida longe
- Pobre neno que a tua randeeira
- Maria do Mar, que barca agardas?

- 5 Cos versos da actividade anterior, realízade un videopoema colaborativo. Enviádelle o texto de Carvalho co voso verso polo móbil a un compañeiro ou compañeira, que deberá continuar o poema. Ao finalizardes, publicádeo nas redes sociais.

Carvalho Calero considerábase ante todo poeta. Temas recorrentes na súa poesía, extensa e variada, son a muller, a saudade da infancia, a vellez, a guerra e a represión, a morte, o sentido da vida e a busca do Absoluto e da transcendencia.

Outras características son a sensualidade e o erotismo ou a ironía e o escepticismo.



- 6 Nesta actividade, ofrecémosvos unha serie de fragmentos de poemas de Carvalho Calero. Asocia cada un deles coa temática predominante.

morte – saudade da infancia – vellez – guerra – erotismo – muller – busca do Absoluto e da transcendencia	
<p>¿En qué recanto do tempo está soterrado o cadáver da miña infancia? Da choiva rexurdideira da lembranza defende-o un teito de teas de araña: a tea de araña do esquecemento, a tea de araña da lonjania, a tea de araña do sufrimento: triple teito impermeábel e rejo.</p>	<p>Sentado neste banco, tam só espero que de mim mesmo brote o sono. Aquela moça que se detém perante mim —talvez onte ao meu lado se sentava—, estorva-me hoje, e a seguir convido-a a sua via, pois furta-me o sol.</p>
<p>De um jeito ou outro, hei de entrar no meu povo, para ver se tropeço numha rua qualquer do Ferrol Velho —será a de Sam Francisco, a do Socorro?— com o neno que fum e que foi outro; aquel que fum e que nom fum entom, quando eu nom era o velho que hoje som.</p>	<p>Donas do tempo passado ou do actual a morte a todas trata-vos igual que aos cavaleiros. Violenta, a história o di. Muitas mulheres morrerom assi.</p>

<p>Água e carbono é o teu corpo, sal precipitado em pousos na tua vida. Comungo a tua forma corporal que a inextinguível sede me convida. Na tua realidade está o ideal. Caiu-che a roupa aos pés e estás despida. Ignorante do bem como do mal. Perdido Paraíso, Eva proibida.</p>	<p>Eu fum alguém? Talvez ninguém? Anacos espargidos que sucessivamente hóspedes foram de um espaço ausente, cântaro fornecido de buracos? ... Talvez non fum ninguém. Tam só umha estrada por onde os pés dos deuses fam jornada.</p>
<p>NON SEI se matei. Estiven na trincheira. Non vin o meu nemigo. Disparei. Non sei se matei.</p>	<p>Uniformes cor de argila, estrelas na manga. Poucos. Mandaba-os eu. Levaba-os a algures. Etapa da viage, acolheu-nos a vila. Ao ar ceibe, sentados, nun café, fumábamos a tarde. Qué formosa era a vila, e o rio, e as gentes. Quén pudese ficar.</p>

Cartel 5: De *Vieiros a Reticências*, poesía completa

- 1 No cartel número 5 aparece o seguinte poema de Carvalho. Investigade a que lugares lendarios se refire o autor nos dous últimos versos. Con que famosa lenda europea se relaciona Avalon?

SE AVALON É A ILHA DAS MAÇÁS,
eu quero ir a Avalon, e dormir esperando-te
todo o tempo preciso, para que me ofereças
algumha noite o fruto que me negas agora.
Recuperada a tua alma de fada,
hás-me tratar con magnanimidade,
e dormirás comigo sob a maceira
paradisíaca, sem medo à repressom
de invejosas potências ou ciuosos poderes.
Será um sonho gentil, sem mágoa, sem remorsos.
Um sonho como a vida, como a morte.
Por isso eu quero ir a Avalon, a Ilha
das Fadas e as Maçás.



Na poesía de Carvalho son frecuentes as mencións culturais, clásicas e mitolóxicas. A mitoloxía grega e latina será un tema recorrente na súa obra. Tamén aparece a miúdo a recreación dos mitos bíblicos, artúricos e xermánicos.

- 2 En equipo ou de forma individual, localizade un poema de Carvalho onde haxa unha figura mitolóxica; identificádea, contade o que sabedes dela e intentade explicar o motivo polo que a utiliza nese poema en concreto.
- 3 Buscade as referencias mitolóxicas que aparecen neste poema da súa obra *O silencio axionllado*:

O SEXO DO ANXO

Ouve-me. Dime do sexo que ocultan tuas coxas pechadas.
Dime qué género esconden as pregas da veste impoluta.
Pálido mágico rosto de virge lonjana o teu rosto.
Gesto de santo cruzado teu gesto sereno e impávido.
Formas andróginas, híbrido, efébrico, ambiguo corpo.
¿Es rapaza ou mozo, sagro guerreiro de Deus?
¿Es quizá Ganimedes copiado do helénico mito?
¿Fixo-te laveh tal que o copeiro do Júpiter clásico?
¿Es ideal conforto dos beatos varóns, donceliña?
¿Espiritual acougo dos olhos das virges, rapaz?

Unha das correntes poéticas que deixaron pegada na obra de Carvalho foi o vangardismo. Os primeiros poemas presentan influencia do hillozoísmo, neotrobadorismo, ultraísmo e creacionismo. Nos textos da posguerra, o influxo do existencialismo faise evidente.

- 7 Investigade para descubrirdes en que consistiron os movementos de vangarda e por que resultan tan importantes na historia da literatura galega.
- 8 En que obras de Carvalho considerades que pode aparecer a influencia vangardista?



9 Asociade cada fragmento cun influxo característico da poesía de Carvalho Calero:

creacionismo – hilozoísmo – existencialismo	
Na cidade van por corredoiras geométricas, a tanger, os tranvías, igual que bois ligeiros, soando os seus chocallos.	Maria do Mar, qué barca agardas? ¿Queres o sol, carne de lua fría? O sol é un porco-espiño disfarzado. No mar agora, ourizo de mar, dorme. Pescado pola cana do abrente, darei-cho eu, raiolante e mollado.
Anda, home, arrandea-te: é o teu fado: de atrás adiante, adiante atrás. ¡Carriola do pensamento. Nega-te e afirma-te. De Deus herdeiro ou orfo. Julga-te seta deitada ao alén, pulo valeiro. Pobre neno que a tua randeeira atas à arbre da vida, à arbre da ciencia, e vas da sombra à luz, da luz à sombra.	No tanque, as brancas aves que tanto amou Rubén Darío, douses feitos con xiz, escreben na auga clara: 2222. Todo o lume do sol non pode derreter a plumaxe de neve.

10 Seleccionade un texto da produción lírica de Ricardo Carvalho Calero, create un videopoema e publicádeo nas redes sociais. Create un reto para que outra xente faga o mesmo. Velaquí tedes uns exemplos do IES Concepción Arenal:

<http://revistafdp.blogspot.com/2019/08/carvalho-calero-cunha-alumna-do-colexio.html>

11 Se preferides, musicade un dos seus poemas. Podedes elixir calquera ritmo (*rap, hip hop, trap, rock*, música tradicional...). Se empregades a música doutra canción, lembrade que debe ser libre de dereitos de autoría.

Cartel 6: A xente da Barreira

1 Carvalho só publicou dúas novelas, moi diferentes unha da outra en moitos sentidos. Investigade sobre elas e realizade unha ficha de cada unha (título, temática, contido, personaxes...).

- 2 *A xente da Barreira* foi a primeira novela en galego publicada na posguerra. En que ano viu a luz e cal foi a iniciativa que propiciou esta publicación?
- 3 Esta novela entronca coa tradición novelística galega de preguerra polas súas referencias ao mundo narrativo de Otero Pedrayo. En que consisten estas referencias?



Ademais d'*A xente da Barreira* e *Scórpio*, Carvalho Calero escribiu outros textos narrativos, que foron compilados no volume *Narrativa completa* (1984). Esta publicación recolle, xunto coa primeira novela, revisada, os seguintes relatos: *Os señores da Pena*, *O lar de Clara*, *As pitas baixo a chuvia*, *Os tumbos*, *A cegoña* e *Aos amores seródios*.

4 A continuación, presentámosvos un fragmento do relato *O lar de Clara*:

“Entre outros herdos, a Guerra europea deixou o herdo da gripe. Entón era novo o nome. Escrebía-se con dous pes, e aínda non sei se con y grego. Aquela primeira epidemia de gripe foi a peor que lembro. Naceu naquel intre o meu irmán Ramón. Todos estábamos adoecidos de andácio, e a nosa nai tamén. Tróuxo-se unha ama para criar o neno. Fomos repondo-nos todos menos a miña nai. Erguemo-nos todos menos ela. Os nenos non nos decatábamos da gravidade do seu estado. Viamos entrar e saír os médicos sen lle dar importancia. Os maiores aforraban-nos a dor de saber que a nai esmorecía. Non se ergueu máis.”

- **Investigade:** A que andazo se refire o autor neste texto? Con que nomes se coñeceu esta epidemia? Que consecuencias tivo sobre a poboación europea?
 - **Atopades algunha referencia autobiográfica no fragmento que acabades de ler?**
- 5 **Deseguido, tedes unha serie de fragmentos de diferentes obras narrativas de Carvalho. Relacionádeos cos títulos do texto de que forman parte.**

<p>“Moito quería eu aos animais.</p> <p>No curro pasaba unha grande parte do meu tempo ollando para as galiñas. Via-as escarabellar na terra, en procura de vermes e miñocas. Botaba-lles millo.”</p>	<p><i>Os tumbos</i></p>
<p>“O meu pai tendeu un fío no recanto do muro da horta por onde, a causa de estar meio derrubado, podía choutar un home. Cando soou o tumbo, como decote, o meu pai, con un revólver na man dereita e unha lanterna na esquerda, correu a examinar o fío.”</p>	<p><i>A xente da Barreira</i></p>
<p>“Aquí non teño que facer. Escreberei. Levarei-me comigo estas páginas, e alá longe, na illa, lerei-nas de cando en cando, segundo me vaia facendo vello, para me lembrar do neno que fun. Ou se cadra non. Alí non terei tempo de ler nada. Andarei atafegado polo traballo. Deixarei estas follas a Clara, para que se lembre de min.”</p>	<p><i>Scórpio</i></p>
<p>“Os pazos esborrallan-se, as castes misturan-se, as familias espallan-se, os morgadios esvaen-se. As cidades zugan o campo. Os paxaros perden o agarimo do frouxel en que naceron. Os niños fican valeiros.”</p>	<p><i>As pitas baixo a chuvia</i></p>
<p>“Desde que rematou o curso recibim tres cartas de Sagitario. É notável como se popularizarom entre os estudantes esses alcumes de Sagitario e Scórpio. O primeiro contou a historia de tais sobrenomes zodiacais, adoptados no colégio onde os dous estudavam.”</p>	<p><i>O lar de Clara</i></p>

Cartel 7: Scórpio

- 1 **A que credes que debe o seu título *Scórpio*, a segunda novela de Carvalho Calero? Credes que ten que ver cunha motivación autobiográfica?**
- 2 **O protagonista desta novela fai unha viaxe por diferentes lugares do Estado. Marcade esas cidades no mapa. Deseguido, comparade este percorrido coa viaxe vital do autor.**



- 3 Realizade unha comparación entre a vida do protagonista de *Scórpido* e a do propio Ricardo Carvalho Calero. Procurade as semellanzas e as diferenzas entre ambos.

Rafael Martínez (Scórpido)	Ricardo Carvalho Calero

- 4 Visionade o *booktrailer* da novela *Scórpido* que realizaron na produtora Illa Bufarda. Podedes atopalo na seguinte ligazón:

<https://www.youtube.com/watch?v=WOT0J76HQts>.

- 5 Convertédevos en *booktubers* e creade *booktrailers* para animardes a ler as obras narrativas do autor ferrolán. Publicádeos no *web* do voso centro e nas redes sociais.

Cartel 8: Autor e director teatral co seu alumnado

1 Despois de ollardes o cartel 8, entrade no *web* da Biblioteca Virtual Galega da Universidade da Coruña (www.bvg.udc.es) para afondardes na faceta de autor dramático de Carvalho.

2 Logo de revisardes os títulos das obras teatrais de Carvalho Calero, realizade unha liña do tempo virtual en que incluídes todas as pezas do autor.

Podedes utilizar a seguinte aplicación para creardes esta liña temporal: <https://www.visme.co/es/linea-de-tiempo/>

3 Relacionade cada imaxe cunha das obras teatrais de Carvalho Calero:



Título:




Título:



Título:



Título:



Título:



Título:

4 Realizade unha lectura dramatizada ou unha representación teatral dalgunha das obras de Ricardo Carvalho Calero. Recomendamos especialmente *Farsa das zocas*, que foi durante anos a obra máis representada nos centros de ensino.

Cartel 9: Historia da literatura galega

1 Inclúide as seguintes obras ensaísticas de Carvalho Calero no ano de publicación.

- | | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none">○ <i>Escritos sobre Castelao</i>○ <i>Gramática elemental del gallego común</i>○ <i>Estudos rosalianos: aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro</i>○ <i>Sete poetas galegos</i>○ <i>Do Galego e da Galiza</i> | <ul style="list-style-type: none">○ <i>Libros e autores galegos: dos trovadores a Valle Inclán</i>○ <i>Historia da literatura galega contemporánea</i>○ <i>Estudos e ensaios sobre literatura galega</i>○ <i>Da fala e da escrita</i> |
|--|--|



ANO 1955



ANO 1963



ANO 1979



ANO 1983



ANO 1989



ANO 1990

- 2 Escoitade a seguinte reportaxe realizada no *Diario cultural* da Radio Galega sobre a *Historia da literatura galega contemporánea (1963)*.

<http://www.crtvg.es/rg/destacados/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-29-05-2013-596212>

Nela reflexiónase sobre a transcendencia que tivo e ten esta magna obra na nosa literatura. Por que credes que é tan importante?

Cartel 10: Posición lingüística reintegracionista

- 1 Investigade. Que é a lusofonía?
- 2 Localizade no seguinte mapa do mundo os territorios da lusofonía.



- 3 Procurade datos sobre os termos que se relacionan a seguir:
 - Reintegracionismo:
 - Normativización:
 - Galego-portugués:
- 4 Observade o vídeo *O porvir da lingua* que podedes atopar na ligazón que incluímos a seguir: <https://www.youtube.com/watch?v=O3ZGMz2m4Tg>

- Rodríguez, J. L. (ed.) (2000). *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia - Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC
- Salinas Portugal, F. (1991). *Voz e silencio (entrevista con Ricardo Carvalho Calero)*. Pontevedra: Edicións do Cumio
- Tato Fontaiña, L. (2000). "Carvalho Calero, poeta, narrador, dramaturgo", *Grial. Revista galega de cultura*, 147. Santiago de Compostela
- Vilavedra, D. (2006). "Limiar", en R. Carvalho Calero, *Epistolario a Fernández del Riego*, transcripción e edición de M. Pena e D. Vilavedra. Vigo: Galaxia
- VV. AA. (2002). *Actas do Simposio Ricardo Carvalho Calero. Memoria do século*. A Coruña: Servizo de Publicacións da UDC
- VV. AA. (2000). *Conhecemos Carvalho Calero, umha vida polo galego e por Galiza*. Ferrol: Fundação Artabria
- VV. AA. (2001). *Literatura galega. Século XX*. Vigo: Edicións A Nosa Terra
- VV. AA. (2019). *Hei de entrar no meu povo: reivindicarmos Carvalho Calero*. Ferrol: Edicións Embora
- VV. AA. (2020). *De Carballo Calero a Carvalho Calero*. A Coruña: Hércules de Ediciones

WEBGRAFÍA

- Associaçom Galega da Língua (AGAL): <https://a.gal/>
- Biblioteca Virtual Galega: www.bvg.udc.es
- Galipedia: https://gl.wikipedia.org/wiki/Ricardo_Carballo_Calero
- Nós Televisión: <https://nostelevisión.gal/>
- O Portal da Língua Galega: <https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/dia-das-letras-galegas>
- Real Academia Galega: <https://academia.gal/letras-actual>
- Seminario Galán: <http://seminariogalan.org/>

FOTOGRAFÍAS

- Arquivo do Parlamento de Galicia
- Arquivo do Colexio Fingoi
- Arquivo do Seminario de Estudos Galegos
- Asociación Cultural Betanceira
- Moncho Rama



- 8 Para rematarmos esta viaxe pola vida e a obra de Ricardo Carvalho Calero, imos realizar un pasapalabra.

Neste xogo tedes que completar o abecedario coa información que podedes atopar en todos os carteis.

Podedes acceder a el a través da seguinte ligazón:



http://genmagic.net/pasapalabras_app/inicio/?id=carvalhocalero

BIBLIOGRAFÍA

- Biscainho Fernandes, C. C. e Sánchez Rei, X. M. (coords.) (2011). *Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación*. A Coruña: Servizo de Publicacións da UDC
- Blanco, C. (1989). *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Vigo: Galaxia
- Carballo Calero, R. (1980). *Pretérito imperfecto 1927-1961*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro
- Carballo Calero, R. (1982). *Futuro condicional 1961-1980*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro
- Carballo Calero, R. (1984). *Narrativa Completa*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro
- Carvalho Calero, R. (1982). *Teatro completo (1982)*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro
- Carvalho Calero, R. (1986). *Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985)*. A Coruña: Agal
- Carvalho Calero, R. (1987). *Scórpio*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións
- Carvalho Calero, R. (1990). *Do galego e da Galiza*. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións
- Carvalho Calero, R. (1990). *Reticências... 1986-1989*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións
- Carvalho Calero, R. (1997). *A gente da Barreira*. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega – A Nosa Terra
- Carvalho Calero, R. (2019). *Antología da poesía em galego*. Santiago de Compostela: Através Editora
- Fernán-Vello, M. A. e Pillado Mayor, F. (1986). *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Santiago de Compostela: Laidvento
- García Negro, M. P. (1982). “Unha lectura de *A xente da Barreira*”, en *Cadernos do Medúlio*, núm. extraordinario *Homenaxe a Carvalho Calero*. Ferrol-Pontedeume
- Herrero Figueroa, A. (1983). “Sobre *A xente da Barreira*. Breve aproximación á lectura dunha novela”, *Grial. Revista galega de cultura*, 81. Vigo
- Herrero Figueroa, A. (2011). “A creación literaria do profesor Carvalho Calero”, en *Encontros con don Ricardo*, Concello de Ferrol
- Marco, A. (1982). *Foula e ronsel. Os anos xuvenís de Carvalho Calero (1910-1941)*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro - Fundación Caixa Galicia
- Montero Santalha, J. M. (1993). *Carvalho Calero e a súa obra*. Compostela: Laidvento
- Pallarés, P. (2020). *Beleza, verdade. Ricardo Carvalho Calero*. Santiago de Compostela: Editorial Chan da Pólvora
- Pardo de Neyra, X. (2019). *Á sombra de María Silgar. Carvalho Calero contra a historia única*. Ferrol: Edicións Embora

- Rodríguez, J. L. (ed.) (2000). *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia - Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC
- Salinas Portugal, F. (1991). *Voz e silencio (entrevista con Ricardo Carvalho Calero)*. Pontevedra: Edicións do Cumio
- Tato Fontaiña, L. (2000). "Carvalho Calero, poeta, narrador, dramaturgo", *Grial. Revista galega de cultura*, 147. Santiago de Compostela
- Vilavedra, D. (2006). "Limiar", en R. Carvalho Calero, *Epistolario a Fernández del Riego*, transcripción e edición de M. Pena e D. Vilavedra. Vigo: Galaxia
- VV. AA. (2002). *Actas do Simposio Ricardo Carvalho Calero. Memoria do século*. A Coruña: Servizo de Publicacións da UDC
- VV. AA. (2000). *Conhecemos Carvalho Calero, umha vida polo galego e por Galiza*. Ferrol: Fundação Artabria
- VV. AA. (2001). *Literatura galega. Século XX*. Vigo: Edicións A Nosa Terra
- VV. AA. (2019). *Hei de entrar no meu povo: reivindicarmos Carvalho Calero*. Ferrol: Edicións Embora
- VV. AA. (2020). *De Carballo Calero a Carvalho Calero*. A Coruña: Hércules de Ediciones

WEBGRAFÍA

- Associaçom Galega da Língua (AGAL): <https://a.gal/>
- Biblioteca Virtual Galega: www.bvg.udc.es
- Galipedia: https://gl.wikipedia.org/wiki/Ricardo_Carballo_Calero
- Nós Televisión: <https://nostelevisión.gal/>
- O Portal da Língua Galega: <https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/dia-das-letras-galegas>
- Real Academia Galega: <https://academia.gal/letras-actual>
- Seminario Galán: <http://seminariogalan.org/>

FOTOGRAFÍAS

- Arquivo do Parlamento de Galicia
- Arquivo do Colexio Fingoi
- Arquivo do Seminario de Estudos Galegos
- Asociación Cultural Betanceira
- Moncho Rama

"Esperar contra toda esperanza"

Ricardo Carvalho Calero

IES Ferrol Vello (Ferrol, A Coruña)

